



MUPEGA: A ESCOLA NA MEMORIA

Emilio Castro Fustes

Director do Museo Pedagóxico de Galicia

Prólogo.

Os museos, arquivos e mesmo centros educativos de carácter histórico son escenarios privilexiados para amosar variados obxectos, orixinais documentos e singulares aveños escolares que, ademais de ofrecer unha visión máis ou menos estética, contribúen a evocar, reflexionar e analizar criticamente as decisións educativas e formativas dunha determinada sociedade, ao longo dos diferentes momentos da súa historia.

Este é o reto e a misión do Museo Pedagóxico de Galicia¹ (en adiante MUPEGA) dende o momento mesmo da súa concepción, no xa distante 1999.

Nas liñas que seguen tratarei de transitar por ese percorrido vital deste museo que ós dez anos de vida ocupa un lugar senlleiro no panorama dos museos especializados no mundo educativo, e unha posición consolidada dentro do sistema galego de museos.

As orixes.

Discorría o ano 1999 cando no *Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades* quedou constituído un grupo de investigación dirixido polo profesor de Teoría e Historia da Educación da USC, D. Vicente Peña Saavedra, que centrou os seus esforzos

na esculca da paisaxe museística mundial, co gallo de ir perfilando as bases constitucionais do futuro museo galego. Aquel proxecto inicial xermolaría en novembro de 2000 coa aprobación do seu decreto fundacional no consello da Xunta², a instancias do titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, D. Celso Currás Fernández. Deste xeito, converteuse no primeiro museo pedagóxico do século XX auspiciado por unha administración autonómica.

Importante detalle este, porque deixaba atrás definitivamente unha morea de intentos baldíos e ademais respondía a unha demanda que se observaba en todo o Estado, a vulgar polo número crecente de exposicións temporais centradas na temática escolar masivamente visitadas, pero que só reflectían unha evocación do pasado, unha volta nostálgica á infancia, en palabras do catedrático de educación da Universidade de Salamanca, D. José M^a Hernández Díaz³.

Dúas referencias lexislativas máis debemos citar neste capítulo de antecedentes inmediatos do MUPEGA.

²DOG 13/11/2000

³"Para los educadores en activo o en proceso de formación, para los responsables de las administraciones educativas, para los padres conscientes de una tarea, estas muestras se convierten en instrumentos de análisis comparativo del presente educativo. Finalmente, para los investigadores e historiadores de la educación las exposiciones desempeñan un cometido sustitutorio de algo más permanente que clama a voces en nuestro país, los museos de la educación" (HERNÁNDEZ DÍAZ, José M^a. 1993).

¹Museo Pedagóxico de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral Técnica. San Lázaro, 107. 15781. Santiago de Compostela.

A primeira represéntaa a efémera experiencia museística que tivo lugar na cidade da Coruña, aló polo ano 1926, coa posta en marcha dun Museo Pedagógico Regional⁴.

A segunda será a proposición non de lei que, en abril de 1988, a Comisión de Educación e Cultura do Parlamento Galego⁵ aprobou por unanimidade, instando á Xunta a crear unha "*Biblioteca e Centro de Documentación e Difusión Pedagóxica de Galicia*" onde, entre a súas funcións, xa se apuntaba a de actuar como centro museístico e conservador do patrimonio e pasado pedagógico galego. Aprobado o decreto, o paso seguinte foi buscarlle unha situación digna ó novo centro. E así foi como o MUPEGA pasaría ocupar un singular edificio construído a mediados do século XX para albergue de fillos de emigrantes que desexaran vir estudar á terra nai. O escaso éxito da oferta hospitalaria deu paso á instalación nos seus espazos de diversos servizos administrativos da Consellería de Educación, ata que o 21 de outubro de 2004, aquel primitivo inmovible da rúa de San Lázaro da capital galega, que nacera con espírito hospitalario, abría a súas portas ó público transformado nun moderno e singular museo.



Fachada do MUPEGA, en 2004

⁴ O Museo Pedagógico Regional foi froito das iniciativas da Asociación del Magisterio Oficial del Partido de La Coruña que decide crear un centro semellante ós xa existentes noutras provincias españolas, claramente influenciados polas ideas e actuacións do Museo Pedagógico Nacional, que desde 1883 dirixía brillantemente o institucionista Manuel Bartolomé Cossío.

⁵ Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. Nº 249, 30 de abril de 1988, p. 4.875.



Fachada do MUPEGA, en 2014

Os fondos.

O legado histórico educativo que se acubilla nas dependencias do MUPEGA representa a memoria da vella escola galega, plasticamente expresada a través dos que foron os seus espazos máis representativos: as aulas de primaria e secundaria. Un rico fondo documental, bibliográfico, moble, e iconográfico recompilado nas numerosas escolas que foron quedando en desuso, ou froito de bondadosas doazóns particulares, que na actualidade frisan as trinta mil unidades.

Ademais desta representación de aulas históricas, o museo presenta outros núcleos museográficos que completan unha coidada etnografía escolar. Referímonos á galería de educadores galegos situada na planta baixa, ou ós orixinais espazos da súa primeira planta: a inspección educativa, o maxisterio, o mundo infantil e as escolas chegadas de alén mar.

Para poñer o pano a esta, necesariamente breve, descrición da nosa herdanza patrimonial, cómpre lembrar outro espazo singular localizado no segundo andar: a *Rede Mupega*⁶. Esta exposición consiste nunha coidada selección de fondos do institutos galegos históricos que, dende o ano 2002, articulan unha asociación colaboradora co museo, pioneira e única en España, de xeito que permite manter un espazo visitable permanente no MUPEGA e outros tantos espléndidos centros expositivos, perfectamente acondicionados e visitables, nos propios institutos.

⁶ O 11 de novembro de 2002, no paraninfo do IES Otero Pedraio de Ourense, os institutos históricos de Galicia asinaron coa Consellería de Educación, representada polo MUPEGA, as Bases da "Rede Mupega".



Espazo dedicado á Rede Mupega



Detalle da "curva dos xoguetes" na 1ª planta



Peza da Rede Mupega

Por último, é obrigado lembrar que o MUPEGA dende o seu momento auroral mantivo un compromiso firme co mundo infantil, en xeral, e co do xogo e xoguete tradicional galego, en particular. Contamos coa presenza en varios lugares do museo de elementos capitais do mundo infantil: nacemento, crianza, xogos e xoguetes. Unha ludoteca para os máis pequenos e un patio de xogos exterior especificamente deseñado e rotulado para os maiores confirman esta decidida filosofía.



Nenos no patio de xogos populares

Organización interna.

A estrutura orgánica do MUPEGA artículase en tres áreas de actuación, ocupadas por un asesor técnico e coordinadas pola figura do director.

1. Área de *Documentación e Recursos*.
2. Área de *Conservación e Mantemento*.
3. Área de *Exposicións, Estudos e Publicacións*.

A primeira destas áreas, ligada estreitamente cos labores da propia dirección do centro, representa a máis visible, en tanto que é a encargada de manter o sitio *web* do museo⁷ e de organizar as diferentes exposicións temporais que nas súas dependencias específicas se ofertan cada ano. Ademais, atende as demandas de préstamo de fondos que outras institucións solicitan ó MUPEGA, que se presentan nun coidado conxunto de aveños escolares que rotulamos co nome de "*Espazo Mupega*"⁸.

Outras actividades propias desta área son a elaboración anual do "Programa Didáctico", xunto co mantemento da comunicación e colaboración con outros centros semellantes a través dos organismos que os coordinan: ICOM, AEM, SEPHE e CGM.

⁷www.edu.xunta.es/mupega

⁸O *Espazo Mupega* foi a primeira representación oficial do MUPEGA cando aínda non existía como museo. É un conxunto de útiles escolares da máis diversa tipoloxía que conforman no seu conxunto unha aula de ensino primaria, temporalmente situada entre os 1940-1970. Na actualidade segue a ser unha das actividades ou recursos máis demandados do museo.



Aula itinerante: Espazo Mupega



Exposición temporal 2014: EXB

As outras dúas áreas encárganse da conservación preventiva e da restauración dos fondos existentes en calquera dos soportes posibles, ademais dos labores de formación e difusión cara ós mesmos obxectivos pero cos centros expositivos existentes nos institutos históricos que pertencen á *Rede Mupega*.

Por último, a área de catalogación e documentación asume o reto de siglar, ordenar, situar e catalogar todo o noso legado patrimonial. Dende ano 2013, o MUPEGA está incorporado ó programa DOMUS⁹, polo que en vindeiras datas xa se poderán contemplar os nosos fondos histórico-educativos a través da Rede Dixital de coleccións de museos de España (CER.ES).

Epílogo.

Con 10 anos de vida pública e preto dos 70.000 visitantes, con máis de 100 exposicións itinerantes de

carácter temporal e unha media de 2 por ano, despois de ter organizado 2 congresos internacionais da súa temática específica, logo de colaborar e financiar a celebración das *IV Jornadas de institutos históricos de España*, e de editar arredor de 50 traballos de investigación..., o MUPEGA ten consolidada a súa posición no conxunto dos museos galegos, ofrecendo unha marca de identidade propia, necesaria e atractiva mercé ó seu labor de localización, restauración, documentación e mostra dun patrimonio intimamente ligado á memoria humana, como é a infancia e a escola.

Dez anos non son nada, pero supoñen un bo momento para deterse e reflexionar sobre algúns retos para a seguinte década:

- Facer visible aínda máis dentro da sociedade galega o noso patrimonio, precisamente para valoralo e garantir o seu futuro.
- Apostar polas novas tecnoloxías da información para ofrecer ós mozos que nos visitan unha oferta aínda máis suxerente.
- Continuar investigando arredor dos tesouros agochados nos fondos histórico-educativos, concertando estes traballos coa Universidade galega en xeral e coa compostelá en particular.
- Proseguir cos traballos de localización de fondos materiais e inmateriais, aproveitando o peche de numerosas escolas e a xubilación do maxisterio que pode achegar unha información valiosa para a historia da educación.

0 Constituír a *Asociación de Amigos do MUPEGA* para complementar as inxentes tarefas que calquera museo leva a cabo.

- Estreitar os vencellos de colaboración cos outros museos da Comunidade en xeral e cos que manteñen en maior ou menor medida fondos semellantes ós nosos.
- Potenciar as relacións de veciñanza e amizade cos museos análogos de Portugal e mesmo de Latinoamérica.

⁹BOE do 25/11/2013. Sistema integrado de Documentación e Xestión museográfica desenvolvido polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.